

Aloxamento para estudantes

Residencias das Universidades

Centros residencias docentes da Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria

Residencias da Dirección Xeral de Xuventude

Centros residencias docentes da Consellería do Medio
Rural e do Mar

2013-2014

RESIDENCIAS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA



Prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo



A Universidade de Vigo [convoca](#) para o curso académico 2013-2014, prazas e bolsas de aloxamento para estudantes.

As prazas que se ofertan nesta convocatoria son as que se detallan a continuación:

[Campus de Vigo:](#)

Complexo residencial universitario “O Castro”:

19 prazas en apartamentos individuais con cociña.

199 prazas en apartamentos individual con cociña compartida (6 adaptadas para discapacitados).

[Campus de Pontevedra:](#)

Residencia concertada “A Peregrina”:

10 prazas en habitacións individuais.

60 prazas en habitacións dobres.

[Campus de Ourense:](#)

Complexo residencial universitario “As Burgas”:

131 prazas en apartamentos individuais con cociña (4 adaptadas para discapacitados).

56 prazas en apartamentos individuais, cociña compartida (cada 2).
4 prazas en apartamentos dobres

Campus de Ourense (Allariz):

Complexo residencial concertado "ALCAI":

10 prazas en apartamentos con habitación individual (cinco apartamentos).

10 prazas en apartamentos con habitación dobre (cinco apartamentos).

Requisitos:

Ter o seu domicilio familiar fóra do termo municipal no que estea situada a residencia ou o complexo residencial onde se solicita a praza de aloxamento.

1. Solicitantes de nova admisión, estudantes de grao, máster oficiais e de 1º e 2º ciclo:

Matricularse no curso 2013/2014 na Universidade de Vigo en centros do campus no que opten á praza, nalgún dos vixentes planos de estudos de primeiro ou segundo ciclo, ou ben nun grao ou máster oficial.

Para persoas que inician por primeira vez estudos universitarios: nota de acceso á universidade igual ou superior a 5 puntos.

Para os restantes casos: en estudos de ensinanzas técnicas: 3 puntos; nos demais estudos universitarios e superiores: 4 puntos

2. Estudantes de doutoramento:

Os que rematen os estudos de máster ou terceiro ciclo que dan acceso á realización da tese de doutoramento no curso académico 2013-2014.

Os impresos de solicitude de praza e bolsa de aloxamento deberán ser cumprimentados no modelo de solicitude que aparece na web:

<http://seix.uvigo.es/>

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 4 de xullo de 2013.

Máis información:

Vicerretoría de Extensión Universitaria, tfno.: 986 813 603, 986 813 817 e 986 813 626 e en www.uvigo.es

Vigo: <http://www.resa.es/Residencias/O-Castro>

Ourense: <http://www.resa.es/Residencias/As-Burgas>

Pontevedra:

<http://webs.uvigo.es/servicios/webext/residencias/po01.htm>

Allariz:

http://www.uvigo.es/uvigo_es/conocenos/aloxamento/allariz.html



Prazas de aloxamento para estudantes da Universidade de Santiago de Compostela



A Universidade de Santiago de Compostela [convoca](#) prazas de aloxamento para o curso académico 2013-2014.

O número total de prazas que se ofertan nesta convocatoria 2013-2014 é de 1071.

O SUR proporciona aloxamento ó estudiantado e demais membros da comunidade universitaria, así como a outras persoas que, aínda que non pertencen a esta Universidade, participen nas actividades organizadas por ela. Para apoiar isto a Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua, no primeiro trimestre de cada curso académico, convoca e adxudica bolsas de colaboración (biblioteca, informática, socio-culturais, deportivas, etc.), ás que poden acceder residentes e colexiais.

Os prezos das habitacións son iguais en tódolos centros do SUR, en razón do tipo de habitación (individual ou dobre). As prazas de estudantes están subvencionadas en función da renda dispoñible do solicitante de acordo a cinco niveis. Para as rendas que sobrepasan determinado tope os prezos son sen subvención.

Requisitos: estudiantado de readmisión e de nova admisión de grao, de 1º, 2º Ciclo, de másteres universitarios oficiais, de programas de doutoramento, de cursos de posgrao propios, e investigadores en formación.

Campus de Santiago de Compostela:

[Colexio Maior Fonseca](#). Tfno.: 881 814 376

[Colexio Maior Rodríguez Cadarso](#). Tfno.: 881 814 354

[Colexio Maior San Clemente](#). Tfno.: 881 814 312

[Residencia Universitaria Burgo das Nacións](#). Tfno.: 881 811 952

[Residencia Universitaria Monte da Condesa](#): Tfno.: 881 813 531

Campus de Lugo:

[Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay](#). Tfno: 982 824 300/301/302

Prazos: para os solicitantes de nova admisión: dende o día 1 ao 25 de xuño de 2013 ambos os dous inclusive.

Máis información no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, tfno.: 881 814 574/582

<http://www.usc.es/sur>



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Prazas de aloxamento para estudantes da Universidade da Coruña

[Convocatoria 2012-2013](#)



As residencias universitarias son servizos de asistencia destinados a proporcionar aloxamento ao membros da comunidade Universitaria.

No réxime de acceso e permanencia neste servizo teranse en conta preferentemente criterios económicos, unha vez superadas as mínimas esixencias académicas.

Mediante o convenio correspondente, a Universidade concertou o uso de aloxamentos universitarios, aos que asigna a cualificación de residencias concertadas, promovidas e xestionadas por outras entidades, mediante o control de custos e servizos, cun sistema de bolsas para os usuarios, de convocatoria anual.

A Coruña:

Residencia Rialta <http://www.rialta.net/residencia/>

Residencia “Siglo XXI”: <http://www.resa.es/gal/Residencias/Siglo-XXI>


Ferrol:

Residencia Portanova <http://www.residenciaportanova.com/>



RESIDENCIAS DA XUNTA DE GALICIA

Centros Residencias Docentes
da Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria



A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para realizar estudos postobrigatorios non universitarios no curso académico 2013/14.

Requisitos:

Para poder optar á praza de residencia os aspirantes deberán acreditar as circunstancias que impidan a súa escolarización nun centro sostido con fondos públicos. Con carácter xeral, esta circunstancia será a de non poder cursar os estudos solicitados por non haber un centro sostido con fondos públicos que imparta os devanditos estudos, ben na localidade de residencia, ben nunha localidade próxima que permita, polos medios de comunicación da zona, un acceso diario con facilidade. Con carácter particular, e documentalmente acreditado, poderanse ter en conta outras circunstancias, como condicións de orfandade, fillos de emigrantes ou situacións familiares moi graves.

Requisito de renda da unidade familiar:

Os residentes obterán praza gratuíta se a renda da unidade familiar non excede o limiar fixado polo Ministerio de Educación, Cultura e

Deporte para a obtención bolsas e axudas ao estudo para o curso 2012/13 ([BOE núm. 160, do 5 de xullo de 2012](#))

Se a renda da unidade familiar supera o limiar citado nas seguintes porcentaxes, os residentes deberán aboar as contías anuais que se sinalan:

- a) Os que o superen ata un 10 %: 538 €.
- b) Os que o superen máis do 10 % e ata un 20 %: 825 €.
- c) Os que o superen máis do 20 % e ata un 30 %: 1.307 €.
- d) Os que o superen máis do 30 %: 1.968 €.

Prazo:

As solicitudes poderanse presentar directamente nos centros residenciais docentes ata o 14 de xuño de 2013.

Establécese un período extraordinario na primeira quincena do mes de setembro para a presentación de solicitudes destinadas a ensinanza autorizada pola Administración educativa con posterioridade á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, poderá presentar solicitudes durante este prazo extraordinario o alumnado que realice ciclos formativos e, excepcionalmente no curso académico 2013/14, o de bacharelato.

Os trámites poden facerse en <http://sede.xunta.es> co procedemento E306A

Máis información no DOG do 14 de maio de 2013 e nos CDR:

<http://centros.edu.xunta.es/credocoruna/>

<http://centros.edu.xunta.es/credovigo/>

<http://centros.edu.xunta.es/credodeourense/>

Residencias da Dirección Xeral de Xuventude



Imaxe da Residencia Florentino López Cuevillas (Ourense)

A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, por medio da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dispón de instalacións que durante o curso académico funcionan como residencias xuvenís, para *estudantes* e mozas e mozos *traballadores* de ata 30 anos, en Lugo, Ourense e Vigo.

Requisitos para mozos e mozas estudantes:

- Non superar os 30 anos de idade antes da data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- Cursar estudos de ciclos formativos de grao medio, de bacharelato, de ciclos formativos de grao superior, estudos universitarios tendentes á obtención de título de grao ou equivalente ou ben, mentres non se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios, estudos universitarios de 1º, 2º ou 3º ciclo nunha facultade ou escola universitaria, ou estudos superiores en ensinanzas artísticas.
- Que no concello onde radique a súa residencia familiar non exista oferta de centros públicos para realizar o curso, nivel ou grao correspondente aos estudos que vaia cursar o/a solicitante. Exceptúase do anterior a realización de estudos universitarios, nos cales o/a solicitante non acade a nota de corte ou puntuación académica mínima exixida para o ingreso nas facultades ou escolas universitarias da localidade de residencia familiar.

Requisitos para mozos e mozas traballadores/as:

- Que o lugar de traballo teña o enderezo nunha provincia distinta ao lugar de residencia familiar da persoa solicitante.
- No caso de que a relación de traballo non sexa fixa ou indefinida, terá que ter unha duración mínima de 9 meses contado desde a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
- No caso de ser unha persoa traballadora autónoma por conta propia, será necesario que estea dada de alta no réxime de traballadores/as autónomos/as da Seguridade Social, cunha anticipación mínima de 3 meses á publicación da presente convocatoria.
- Ter cumpridos os 18 anos na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

A [convocatoria de prazas](#) é pública e faise a través do DOG

As instalacións a disposición dos mozos e mozas residentes durante o curso académico ofrecen aloxamento e mantenza, nelas desenvólvese unha serie de actividades e convivencias educativas a través das que se intenta fomentar valores sociais, culturais e deportivos.

Lugo:

<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-lugo.html>


Ourense:

<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-ourense.html>

Vigo:

<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-vigo.html>

Colaboradores bolseiros nas residencias da Dirección Xeral de Xuventude



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado [convoca](#) prazas para persoas colaboradoras-bolseiras nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso académico 2012/2013.

Prazas:

Lugo. Centro Residencial Xuvenil LUG: 4 prazas.

Ourense. Florentino L. Cuevillas: 5 prazas.

Vigo. Altamar: 6 prazas.

Requisitos:

Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro/a residente en España no momento da solicitude de praza.

Ter unha idade mínima de 18 anos e menos de 30 na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Estar cursando estudos universitarios nunha facultade ou escola universitaria, estudos superiores en ensinanzas artísticas ou ciclo formativo de grao superior, que admitan polo seu contido e saídas profesionais, a formación e a práctica a través de calquera das tarefas que se poden desenvolver nunha residencia xuvenil.


Non ter perdido con anterioridade a condición de colaborador/a por causa imputable á persoa solicitante.

Non padecer defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento normal da actividade no centro.


O *prazo* para presentar solicitudes estará aberto ata o 2 de agosto de 2012.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento BS303C

Máis información no DOG do 3 de xullo de 2012



Residencias da Consellería do Medio Rural e do Mar



Prazas de residencia e de manutención nas residencias da Consellería do Mar

A Consellería do Medio Rural e do Mar convoca prazas de residencia e de manutención nos centros residenciais docentes do Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol, para o curso académico 2012-2013.

Poderá ser beneficiario das prazas de residencia e manutención todo o alumnado que durante o curso académico 2012-2013 realice os seguintes estudos:

a) Marítimo-pesqueiros.

Ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica da familia profesional marítimo-pesqueira.

b) Náutico-pesqueiros.

Capitán de pesca, patrón costeiro polivalente, patrón local de pesca e mariñeiro pescador.

Poderán solicitar praza en réxime de manutención os/as alumnos/as que teñan o seu domicilio habitual a unha distancia superior a 15 km do centro docente, ou ben que, aínda sendo unha distancia menor, acrediten a súa imposibilidade de chegar coa puntualidade requirida ás clases da tarde.

O persoal residente poderá gozar da praza de residencia durante os días lectivos do curso escolar.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 1 de outubro de 2012.

Máis información no DOG do 20 de setembro de 2012 e en <https://sede.xunta.es> co procedemento PE606B

Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo.
Rúa Beiramar, 55
36202 Vigo. Pontevedra
Tfno: 986 235 734 / 986 235 609
inst.pesqueiro.atlantico@edu.xunta.es

Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol
Aneiros s/n
15000 Ferrol. A Coruña
Teléfono: 981317611

Residencias de Medio Rural

[Centro de formación e experimentación agroforestal de Sergude](#)
Lugar de Quián
15881 Boqueixón
Teléfono: 981 511 815
ceca.sergude@edu.xunta.es

Ciclos formativos de grao medio:
Traballos forestais e conservación do medio rural.
Producción agropecuaria
Ciclos formativos de grao superior:
Xestión e organización de empresas agropecuarias

[Centro de formación e experimentación agroforestal de Guísamo](#)
Lugar de Bos, 14
15640 Guísamo. A Coruña
Teléfono: 881 881 057
cfea.guisamo@edu.xunta.es
<http://www.cfeaguisamo.org/>

Ciclo formativo de grao medio: *Xardinaría e floraría*

Ciclo formativo de grao superior: *Paisaxismo e medio rural*

[Centro de formación e experimentación agroforestal "Pedro Murias"](#)

Vilaframil

27797 Ribadeo. Lugo

Teléfono: 982 131 017

ceca.pedro.murias@edu.xunta.es

Ciclo formativo de grao medio: *Producción agroecolóxica_(só 2º curso)*

[Centro de formación e experimentación agroforestal de Lourizán](#)

R/ Igrexa, 19

36153 Lourizán. Pontevedra

Teléfono: 986 805 088

cfea.lourizan@edu.xunta.es

Ciclos formativos de grao medio: *Traballos forestais e conservación do medio rural.*

Ciclos formativos de grao superior: *Xestión forestal e do medio natural*

